



REUNIÓN PAIS E NAIS DO ALUMNADO ESO

1º. Presentación: é o 1º contacto coas familias, importante crear un bo clima. Presentación con nome e cargo/función.

2º. Informar:

2.1. Características xerais da etapa educativa:

Etapa obrigatoria coa que se acada o título básico para a incorporación á vida activa.

- **1º ESO:** aumenta o número de materias e de profesorado con respecto a primaria, así como materias que son novidade para eles/elas. O ritmo e cantidade de contido require unha maior constancia e dedicación, autonomía, organización e xestión do tempo.
- **2º ESO:** materias novas con respecto a 1º (física e química, música,...)
- **3º ESO:** aumento do número de asignaturas e da optatividade.
- **4º ESO:** diferentes itinerarios e materias.

Modalidade 1: Matemáticas B, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química.

Modalidade 2: Matemáticas A/B; Latín e Economía e Emprendemento.

Modalidade 3: Matemáticas A, Dixitalización, Formación e Orientación Persoal e Profesional.

Optativas: Música, expresión artística, Francés, Oratoria.

a Avaliación:

3 avaliacións parciais e unha final. A 3ª avaliación parcial coincidirá coa final, onde irá a cualificación definitiva.

b Promoción:

- Con tódalas materias superadas.
- Con 2 materias sen superar (contan tamén as pendentes de anos anteriores).
- Cumprindo as seguintes condición: (1) que a media sexa igual ou superior a 5; (2) que a suma dos periodos lectivos semanais das materias sen superar non sexa superior a 10 (non contan as pendentes nin as de libre disposición); (3) que o equipo docente considere que é favorable a súa promoción; (4) expectativas favorables de recuperación; (5) as materias non superadas non impiden seguir con éxito o curso seguinte.

c Repetición:

- 2 veces como máximo ao longo de todo o ensino obrigatorio.



- Excepcionalmente poderase repetir en 4º, prolongando un ano máis o límite de idade (ata os 19 anos).

d Titulación:

- Todo aprobado.
- Cumprindo as seguintes condición: (1) media aritmética igual ou superior a 5; equipo docente considere que adquiriu as competencias e os obxectivos da etapa.

2.2. Medidas de atención á diversidade: reforzo educativo na clase, apoio da profesora de pedagogía terapéutica tanto dentro como fóra da aula, adaptacións curriculares, medidas de atención educativa e convivencia,... As familias serán informadas de calquera medida cando sexa preciso, por parte de profesorado, tutoría ou departamento de orientación, en función das súas características.

B. Organización do curso:

- Horario do centro: luns a venres de 09.00 a 14.30. Luns pola tarde de 16.40 a 18.20.
- Días non lectivos: publicaranse na web.
- Asistencia a clase: é obrigatoria. As faltas rexístranse en cada clase e deberán ser debidamente xustificadas á persoa titora do grupo en tempo e forma. Se o motivo é unha cita médica, o xustificante de dita cita é suficiente (non traer informe médico). As actividades extraescolares e complementarias organizadas polos diferentes departamentos tamén son lectivas, co que o/a alumno/a, se non acude, deberá asistir ao centro igualmente.

C. Outras normas do centro:

- Non se pode saír do centro en horario lectivo se é menor de idade.
- Non se pode usar o móbil no centro educativo.
- Facer referencia ás NOF (deberíamos falar do tema café, Monster,...)
- Facer referencia ás normas de aula: non comer, traer o material preciso, insistir en non ir ao baño e so beber auga...
- Para recoller a un menor no centro educativo en horario de clase, debe acudir o seu representante legal ou persoa debidamente autorizada.
- Normas sobre Edixgal.

D. Organización dos recursos humanos:



- Persoa titora como principal referente entre as familias e o alumnado. Existe unha hora semanal de cada profesor/a para a atención a familias. Indicar que a comunicación debería ser primeiro coa persoa titora, despois co profesorado implicado se o houbera, departamento de orientación, xefatura de estudos, dirección...
- Principalmente por Abalar: ter en conta que o Abalar non é un medio de comunicación instantáneo.

E. Información persoal/familiar:

Alerta escolar: diabetes, epilepsia, crises anafilápticas, outras que consideren de importancia. Informar sobre a circunstancia e tratamento/medicación.

Prégase informar ao centro educativo de calquera situación de separación/divorcio/custodia, actualización de datos familiares (vivenda...), ou médicos/psicolóxicos que precisemos saber.

3. Preguntas

4. Agradecemento e despedida: reforzar a idea da importancia da coordinación e colaboración das familias co centro educativo: comunicación fluída coas persoas titoras, co departamento de orientación,...



REUNIÓN PAIS E NAIS DO ALUMNADO FPB

1º. Presentación: é o 1º contacto coas familias, importante crear un bo clima. Presentación con nome e cargo/función.

2º. Informar:

2.1 Características xerais da etapa educativa:

Trátase dun tipo de ensino posobligatorio, pero en idade de escolarización obrigatoria e co obxectivo de acadar os estudos formativos básicos.

Organízanse en módulos: os módulos profesionais, relacionados co ciclo que van a estudar, e os módulos comúns, vinculados a coñecementos académicos básicos (comunicación e sociedade e ciencias aplicadas).

Incorporación no curso pasado: “ITINERARIO PERSOAL PARA A EMPREGABILIDADE”. Módulo relacionado coa formación e orientación laboral, toma de decisións, autoorientación, incorporación ao mercado de traballo...

Ademais contan cun periodo de formación en centros de traballo (FCT), onde realizarán prácticas nunha empresa relacionada co sector.

a Avaliacións

No 1º curso: 3 avaliacións parciais, unha final de módulos ordinaria e outra extraordinaria para recuperar os módulos pendentes.

No 2º curso: 2 avaliacións parciais de módulos, unha avaliación final anterior á FCT e unha avaliación final de ciclo ao final de curso.

Se houbera alumnado que non realice a FCT no periodo establecido con carácter xeral por ter módulos pendentes, poderá recuperalos nese tempo (terán un horario onde o profesorado asignará actividades de recuperación con indicación expresa da data en que serán avaliados).

No segundo curso, ademais, terán por primeira vez o módulo de “proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa”, onde demostrarán as competencias adquiridas ao longo de todo o curso.

b Promoción:

Con tódolos módulos aprobados.



Cando os módulos profesionais non superen o 20% do horario semanal e superase o módulo de comunicación e sociedade e/ou o de ciencias aplicadas. O alumno con módulos pendentes deberá matricularse dos mesmos.

c Repetición:

1 soa vez cada curso (excepcionalmente 2 veces nun dos cursos). Isto fai un total de 4 convocatorias. Na FCT, haberá un máximo de 2 convocatorias.

O 1º curso repítese íntegro. No 2º curso, a repetición será unicamente cos módulos pendentes.

d Titulación:

Todo aprobado. Poderá obter tamén o título da ESO se o profesorado o considera.

B. Organización do curso:

- Horario do centro: luns a venres de 09.00 a 14.30. Luns pola tarde de 16.40 a 18.20.
- Días non lectivos: publicaranse na web.
- Asistencia a clase: é obrigatoria. As faltas rexístranse en cada clase e deberán ser debidamente xustificadas á persoa titora do grupo en tempo e forma. Se o motivo é unha cita médica, o xustificante de dita cita é suficiente (non traer informe médico). As actividades extraescolares e complementarias organizadas polos diferentes departamentos tamén son lectivas, co que o/a alumno/a, se non acude, deberá asistir ao centro igualmente.

C. Outras normas do centro:

- Non se pode saír do centro en horario lectivo se é menor de idade.
- Non se pode usar o móbil no centro educativo.
- Facer referencia ás NOF.
- Facer referencia ás normas de aula: non comer, traer o material preciso, puntualidade...

D. Organización dos recursos humanos:

- Persoa titora como principal referente entre as familias e o alumnado. Existe unha hora semanal de cada profesor/a para a atención a familias. Indicar que a comunicación debería ser primeiro coa persoa titora, despois co profesorado implicado se o houbera, departamento de orientación, xefatura de estudos, dirección...
- Comunicación fundamentalmente por ABALAR: non é un método de comunicación instantáneo.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



☎ 886 111 003

✉ ies.guia@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/>

📍 Avda. Dona Fermina, nº 1 - 36207 Vigo



E. Información persoal/familiar:

Alerta escolar: diabetes, epilepsia, crises anafilápticas, outras que consideren de importancia. Informar sobre a circunstancia e tratamento/medicación.

Prégase informar ao centro educativo de calquera situación de separación/divorcio/custodia, actualización de datos familiares (vivenda...), ou médicos/psicolóxicos que precisemos saber.

3. Preguntas

4. Agradecemento e despedida: reforzar a idea da importancia da coordinación e colaboración das familias co centro educativo: comunicación fluída coas persoas titoras, co departamento de orientación,...



REUNIÓN PAIS E NAIS DO ALUMNADO de BACHARELATO

1º. Presentación: é o 1º contacto coas familias, importante crear un bo clima. Presentación con nome e cargo/función.

2º. Informar:

2.1.Características xerais da etapa educativa:

Trátase de ensino posobrigatorio. Consta de dous cursos. Presenta diferentes modalidades, no noso centro educativo ofertamos 2: Humanidades e CCSS e Ciencia e Tecnoloxía. As materias diferencianse entre 5 comúns, 1 de modalidade, 2 de modalidade de opción, 1 optativa e 1 de libre disposición.

a Avaliación:

- 3 avaliacións parciais e unha final ordinaria e unha extraordinaria. A 3ª parcial pode coincidir coa final ordinaria.
- Entre a avaliación final e o fin do periodo lectivo, haberá preparación de probas extraordinarias, apoio, reforzo, recuperación...

b Promoción:

- De 1º a 2º con todas as materias aprobadas ou avaliación negativa nun máximo de 2.
- En 2º hai que matricularse das pendentes.

c Repetición:

- 2 veces como máximo cada curso (bacharelato é preciso facelo en 4 anos máximo).
- 1º repítese curso completo.
- 2º so coas materias pendentes, aínda que hai posibilidade de asistir ás materias xa superadas.

d Materias de continuidade:

A superación dalgunhas materias de 2º curso está condicionada ás correspondentes de 1º. Dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse dela, cando o profesorado que a imparte considere que pode seguila con aproveitamento, en caso contrario, deberá cursar e superar a materia de 1º. **IMPORTANTE PORQUE ESA NOTA DA DE 1º, CONTA PARA A NOTA MEDIA.**

e Cambio de modalidade ou vía:

- Deberá cursar e superar seis materias específicas da nova modalidade elixida, a materia obrigatoria e dúas de opción correspondentes ao primeiro



curso, a materia obrigatoria e dúas de opción correspondentes ao segundo curso, así como todas as común e optativas de primeiro e segundo.

- As materias cursadas e superadas que non forman parte das materias requiridas, non se terán en conta para o cálculo da nota media.
- No momento da solicitude, deberá indicar se quere que se considere unha materia específica, cursada e superada, da modalidade que abandona como materia optativa.

f Titulación:

- Todo aprobado
- Excepcionalmente cunha materia suspensa cumprindo os seguintes requisitos: (1) que o equipo docente considere que acadou os obxectivos e competencias; (2) non inasistencia; (3) realización de probas, incluídas a extraordinaria; (4) media da etapa igual ou superior a 5.

g Nota media da etapa:

Media aritmética das calificacións de todas as materias cursadas necesarias para obter o título pola modalidade elixida (incluso a materia suspensa, de titular cunha suspensa).

NON se contará a nota de relixión.

2.2. Medidas de atención á diversidade: adaptacións ao alumnado con TDAH, dislexia... debidamente xustificadas.

B. Organización do curso:

- Horario do centro: luns a venres de 09.00 a 14.30. Luns pola tarde de 16.40 a 18.20.
- Días non lectivos: publicaranse na web.
- Asistencia a clase: é obrigatoria. As faltas rexístranse en cada clase e deberán ser debidamente xustificadas á persoa titora do grupo en tempo e forma. Se o motivo é unha cita médica, o xustificante de dita cita é suficiente (non traer informe médico). As actividades extraescolares e complementarias organizadas polos diferentes departamentos tamén son lectivas, co que o alumno, se non acude, deberá asistir ao centro igualmente.

C. Outras normas do centro:

- Non se pode saír do centro en horario lectivo se é menor de idade.
- Non se pode usar o móbil no centro educativo.
- Facer referencia ás NOF.



- Facer referencia ás normas de aula: non comer, traer o material preciso, puntualidade.

D. Organización dos recursos humanos:

- Persoa titora como principal referente entre as familias e o alumnado. Existe unha hora semanal de cada profesor/a para a atención a familias. Indicar que a comunicación debería ser primeiro coa persoa titora, despois co profesorado implicado se o houbera, departamento de orientación, xefatura de estudos, dirección...

E. Información persoal/familiar:

Alerta escolar: diabetes, epilepsia, crises anafilápticas, outras que consideren de importancia. Informar sobre a circunstancia e tratamento/medicación.

Prégase informar ao centro educativo de calquera situación de separación/divorcio/custodia, actualización de datos familiares (vivenda...), ou médicos/psicolóxicos que precisemos saber.

3. Preguntas

4. Agradecemento e despedida: reforzar a idea da importancia da coordinación e colaboración das familias co centro educativo: comunicación fluída coas persoas titoras, co departamento de orientación,...